



Retallos de mundo: Marrakech, a perla vermella de Marrocos

04 de febreiro 2024 [Xesús Constela](#)

https://www.pontevedraviva.com/gl/cultura/retallos-de-mundo-marrakech-a-perla-vermella-de-marrocos_351467_102/4232083.html

Teño estado en lugares que me produciron sentimentos encontrados, e un deles foi, sen lugar a dúbida, a **cidade de Marrakech, á que Marrocos debe o seu nome**, capaz de transmitir tal morea de sensacións, ás veces mesmo contrapostas, que de ningunha maneira pode deixar indiferente a quen a visita, e abofé que dende que puxen un pé na súa fascinante medina fun quen de comprender que, se quería coñecer o latexo da súa alma verdadeira, tiña que procura o xeito de aturar o acoso continuo e insoportábel dun enxame de homes de diferentes idades que se me ofrecían como guías, e ás veces mesmo chegaban a me acompañar durante algún tempo nunha sorte de competición por ver quen conseguía convencerme de que o escollese. A única solución que atopei foi armarme de paciencia día tras día até que ían vendo que prefería camiñar pola miña conta e que, se necesitaba algunha orientación, xa me encargaría eu de buscar quen ma dera.

Este continuo acoso de falsos guías, se ben nos últimos tempos foi decrecendo, chegou a representar un problema de tal magnitude que xa hai anos que as autoridades locais se marcaron como obxectivo **a súa total erradicación** sen, de momento, poder conseguilo.

Fóra disto, Marrakech, coñecida como a "**perla do sur**" ou "**a cidade vermella**", é un lugar que ten encantos abondo para cativar a quen o visita, e o mellor xeito de descubrilos é deixándose contaxiar polo desbordante vitalismo dos seus habitantes.

Fundada no ano 1026 por **Youssef Ibn Tachfin**, primeiro soberano da dinastía dos almorábides, que a escolleron como capital do seu reino, sempre foi un lugar tan cobizado polos invasores que non deixou de pasar de man en man ao longo dos séculos até chegar a se converter na urbe vibrante que é a día de hoxe.

Alá polo ano 1147 foi conquistada polos almohades, que construíron a **mesquita Koutoubia**, e un século despois caeu en mans dos benimeríns, cos que comezou un longo período de trescentos anos de decadencia que remataron coa chegada dos saadíes, que levantaron o palacio el-Badi.

Xa no século XVIII acadaron o poder os alauitas, a dinastía reinante na actualidade, que en 1912, pouco antes do comezo do protectorado francés, lle quitaron a capitalidade do país para **trasladala a Rabat**, onde segue a día de hoxe.

A fermosa Marrakech, descrita polo deseñador de moda Yves Saint Laurent como "**o lugar que me aprendeu o que é de verdade a cor**", segue a ser un gran centro de atracción para os habitantes do sur de Marrocos e a súa tradición como punto de compravenda de todo tipo de mercadorías pódese observar dende o primeiro momento en que se cruza calquera das portas que se abren nas imponentes murallas vermellas de adobe que cercan a súa medina, que constitúe un deses lugares nos que é imposible non perderse porque se trata dunha inabarcábel arañeira de rúas, calexos e pasadizos estreitos, especialmente no **caótico labirinto do seu zoco**, o máis grande do Magreb, que parece pensado para desorientar a quen transita por el.

A miña primeira incursión fíxena polos xardíns que rodean a **mesquita Koutoubia**, do século XII, que ten un altísimo minarete de pedra rosada que serviu de inspiración para a Giralda da catedral de Sevilla e pode verse dende case calquera punto da cidade, cousa moi a ter en conta nun lugar onde resulta tan doado perderse.

Dende alí fun directo ás ruínas do que foi o enorme **palacio el-Badi**, do século XVI, que constaba de trescentas sesenta estancias que foran decoradas con ouro e mármore por un exército de artesáns chegados dende todo o país, pero foi saqueado logo de cen anos polo sultán Moulay Ismail, coñecido como "o sedento de sangue", e agora serve de fogar a varias familias de cegoñas que ocupan os seus niños ano tras ano nos períodos migratorios.

Non moi lonxe da fermosa porta de gres azulado **de Bab Agnaou**, a máis maxestosa das murallas porque era o acceso á antiga *kasba* real, visitei un pequeno edificio do século XVI, que, oculto nun xardín ao que se chega por un corredor moi estreito, acolle as **tumbas** de diversos persoeiros **da dinastía saadí**, e non sabería dicir que parte do complexo foi a que máis me gustou, se a sala de oración do *mirhab*, ou a das doce columnas, onde está enterrada a familia do sultán Ahmed, ou a dos tres nichos, que alberga as tumbas dos nenos.

Outro día achegueime á **madrasa Ben Youssef**, que, cunha aula única consagrada ao mesmo tempo á oración e ao ensino, ten unha decoración fascinante feita de estuco e foi unha escola coránica de tal magnitude que a súa fama chegou aos máis afastados confíns do mundo árabe, e outros días visitei o **Palacio de Bahía**, mandado construír no século XIX polo gran visir Sidi Moussa en honra da súa favorita, e tamén o **Museo de Marrakech**, que expón unha fermosa colección de arte musulmán, e os **xardíns de Menara**, que convidan a camiñar arredor do seu gran estanque escavado no século XII como reserva de auga, e outro moitos lugares sobranceiros que ten a cidade.

Pero, sen ningún xénero de dúbida, o que máis gravado quedou na miña mente foi froito dos vagarosos paseos polas enmarañadas rúas da medina para me deixar sorprender pola beleza dos *riads*, as casas tradicionais marroquís, construídas arredor de luminosos patios centrais que combinan plantas e fontes dun xeito difícil de esquecer.

Perdinme tamén varias veces polo intricado labirinto dos zocos para observar as arrevesadas técnicas da compravenda e para admirar as habilidades dos moitos artesáns que teñen alí os seus obradoiros.

Pero o lugar a cuxos encantos me resultou completamente imposible non sucumbir, foi a **praza de Jemaa el-Fna**, quizais a xoia máis senlleira da cidade, que ferve de actividade en todo momento e vai cambiando de ambiente segundo sexa de noite ou de día.

O espectáculo comeza moi cedo cada mañá, mentres os comerciantes dos zocos van abrindo os seus postos, e a inmensa explanada empeza a encherse de carros nos que se serve zume de laranxa, e té de menta, e deliciosos pasteis de mel e froitos secos, ao tempo que tamén aparecen vendedores ambulantes que ofrecen boliños de canela quentes.

Pasadas estas primeiras horas do almorzo, todo parece invadirse dunha sorte de buliciosa loucura e Jemaa el-Fna transfórmase nun xigantesco escenario con multitude de atraccións a se desenvolver ao mesmo tempo cando aparecen varios grupos de bailaríns vestidos con *caftáns* bordados para executar danzas acrobáticas, e contacontos que intentan sorprender á multitude coas súas historias, e amestradores de monos, e mulleres que fan fascinantes tatuaxes de *henna*, e adiviños, e encantadores de serpes, e dentistas a vender dentaduras postizas de todos os tamaños, e portadores de auga con vistosas vestimentas e brillantes cuncas de cobre, e músicos, moitos músicos, a encher a atmosfera con todo tipo de melodías.

E unha vez que chega a noite a explanada éñchese de postos nos que se elaboran unha infinidade de pratos que se poden degustar nos centos de mesas e cadeiras de madeira que, nun visto e non visto, acaban ateigadas de xente.

Podería seguir a falar dos encantos que me ofreceu Marrakech, que non foron poucos, pero non quixera rematar sen mencionar o **tremendo pouso de pobreza que vin que asomaba cada dous por tres** e se me fixo especialmente visíbel na cantidade de xente que andaba por todas partes a pedir esmola e, sobre todo, neses curtidoiros de pel dos arrabaldes da medina que visitei o derradeiro día da miña estancia, que están agachados dos ollos dos turistas, e onde os máis pobres entre os pobres traballan en condicións francamente duras e insalubres entre cubas escavadas no chan cheas de excrementos de pomba en estado de putrefacción que desprenden un fedor verdadeiramente difícil de aturar.

Xa dixen ao comezo que Marrakech é un lugar que me produciu sentimentos encontrados, e por iso cando ía camiño do aeroporto para coller o meu voo de regreso a casa non era quen de deixar de pensar que todos os encantos dunha cidade que me pareceu realmente fermosa poden ficar derramados por un **desequilibrio social** máis propio da Idade Media que deste século no que vivimos.